

Concurso EPAPU

O Concurso de traslados para centros que imparten especificamente ensinanzas de adultos é específico e, por tanto, a Consellaría ten máis marxe de manobra que no CXT que se rexe por unha normativa básica de ámbito estatal.

Con todo, parece lóxico que moitos dos apartados manteñan a mesma puntuación e requisitos que o CXT.

Por iso a CIG-Ensino considera, e así o vén defendendo desde hai anos que hai algúns apartados que si deben mudar nos concursos específicos os seguintes:

☒ **O tope de puntuación para outras funcións docentes:** o baremo actual premia a función directiva sobre as demais responsabilidades e cargos ao limitar estas a 10 puntos cando o tope do apartado chega a 30. Unha directora chega aos 30 puntos en 6 anos e 8 meses e unha xefa de estudos ou un secretario en 10 anos cando, por exemplo, unha xefatura de departamento só pode chegar a 10 puntos. Propomos que se elimine o tope para o apartado 4.3 e que todo o mundo poida acadar os 30 puntos.

☒ **Eliminación da puntuación por postos na administración (6.4).**

Consideramos estes 1,5 puntos como unha medida discriminatória e sen xustificación.

☒ **Puntuar o tempo traballado en ensinanza de persoas adultas en IES no apartado 7.2.** Hai docentes que imparten toda a súa docencia na ESA ou o Bacharelato de persoas adultas en centros ordinarios e, non obstante, son excluídos neste apartado que valora precisamente a experiencia con persoas adultas. Abondaría cunha certificación da Inspección educativa para acreditar ese traballo. **Non o van cambiar.**

☒ **Puntuación de todas as coordinacións didácticas.** Igual que no CXT e no concurso de Orientación, a Consellaría incorporou como novidade no apartado doutras funcións docentes asesoría como



A adxudicación neste concurso terá prioridade sobre o CXT. Quen obteña praza nunha EPAPU decaerá do concurso xeral.

a do CIEDIX ou ao do CGIFP, a coordinación do equipo de dinamización do Plan Dixital ou de Benestar e Convivencia. Estes cambios, lóxicos xa que estas funcións merecen recoñecemento, non se dan noutros casos que levamos anos reclamando como 2ª lingua estranxeira, coordinacións de ámbitos na FP básica, coordinación de igualdade,... o que fai esta exclusión aínda máis impresentábel. Na negociación do Concurso de Orientación a administración quedo de revisalo e seguimos sen ter resposta. **Non queren facer diferenza co CXT, din que por seguridade xurídica e que mirarán de facelo para o ano que vén.**

✓ **Equivalencia para desempate de aprobados no concurso de méritos.** Debe incorporarse unha disposición adicional idéntica á que se se incluíu tanto no CXT como no concurso de Orientación de Primaria para a correspondencia, aos efectos de desempate, da puntuación outorgada ao persoal que accedeu por concurso de méritos se o baremo deste concurso tivese unha puntuación máxima de 10 puntos. **Vano revisar.**

✓ **Formación.** Puntúanse especificamente os cursos de formación de adultos. Pero nos últimos anos non consta que se convocase ningún. Se se fixeron, serían de plans de formación permanente do profesorado (PFPP) nas EPAPUs. Se se mantén ese apartado de puntuación específica, débense convocar cursos abertos á inscrición de todo o mundo.

✓ **Erro na na Base 22:** pon “anexo III da Orde do 20 de marzo de 2018”, e esta orde está derogada, debería pór: “anexo III da orde do 2 de outubro de 2024”. **Vano corrixir.**

Participación de quen obtivo destino definitivo no último CXT

Solicitamos que se poida participar sen levar dous anos no destino definitivo e tendo en conta o carácter específico deste concurso iso é posíbel.

Requisito lingüístico

Se a convocatoria establece como requisito lingüístico o CELGA 4, como así ten que ser, non pode solicitárselle ao persoal participante un nivel B2 do actual RD 1041/2017 xa que a validación establecida para o CELG 4 é o C1. Na negociación do Concurso de Orientación a administración quedo de revisalo e seguimos sen ter resposta. **Din que xa vai así no CXT, polo que non ven necesidade de cambialo.**

Por outro lado, consideramos unha vergoña que a Consellaría siga mantendo que o coñecemento de galego só se lle esixa ás especialidades de Primaria, Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía. Todo o funcionariado de carreira que aprobou un proceso selectivo en Galiza tivo que acreditar, por formación, titulación ou por un exame, o coñecemento do noso idioma. Debe, por tanto, ser un requisito de participación neste concurso como en todos.

Cadros de persoal das EPAPU e vacantes.

Para favorecer a transparencia solicitamos que se faga público o cadro de persoal de todas as EPAPU, coa asignación horaria de todas as especialidades.

Nota sobre as vacantes: a administración comunícanos que ao longo da mañá do 26 de novembro comunicará as vacantes finais logro de revisar as propostas feitas polos sindicatos.

A CIG-Ensino demanda que aumente a oferta de vacantes en 7 prazas

CENTRO	ESPECIALIDADES	PAZAS	PROPOSTA CIG-ENSINO
EPAPU Eduardo Pondal. A Coruña	590006 Matemáticas	1	
	590019 Tecnoloxía	1	
EPAPU Santa María de Caranza. Ferrol	590005 Xeografía e historia	1	Unha praza máis de Xeografía e historia (590005), Filosofía (590001), Latín (590003) e Lingua castelá e literatura (590004).
	590053 Lingua e literatura galega	1	
IES San Clemente. Santiago de Compostela	590005 Xeografía e historia	1	Unha praza máis de Tecnoloxía (590019) e outra de Francés (590010).
	590006 Matemáticas	1	
	590008 Bioloxía e xeoloxía	1	
	590009 Debuxo	1	
EPAPU de Teixeiro. Curtis	590006 Matemáticas	1	
EPAPU de Bonxe. Outeiro de Rei	597038 Educación primaria	1	
	590008 Bioloxía e xeoloxía	1	
	590011 Inglés	1	
EPAPU de Monterroso			
EPAPU de Albeiros. Lugo	597038 Educación primaria	1	Unha praza máis de Lingua castelá e literatura (590004).
	590001 Filosofía	1	
	590003 Latín	1	
	590008 Bioloxía e xeoloxía	1	
	590015 Portugués	1	
	590053 Lingua e literatura galega	2	
EPAPU de Ourense	590006 Matemáticas	1	Engadida ao comezo da mesa
	590007 Física e química	1	
	590008 Bioloxía e xeoloxía	1	
	590011 Inglés	1	
EPAPU de Pereiro de Aguiar	590053 Lingua e literatura galega	1	
EPAPU Río Lérez. Pontevedra	590005 Xeografía e historia	1	En Bioloxía e xeoloxía reducen as vacantes do borrador de 2 a 1, por un erro.
	590008 Bioloxía e xeoloxía	1	
	590011 Inglés	1	

CENTRO	ESPECIALIDADES	PRAZAS	PROPOSTA CIG-ENSINO
EPAPU Berbés. Vigo	597038 Educación primaria	1	
	590001 Filosofía	1	
	590004 Lingua castelá e literatura	1	
	590005 Xeografía e historia	1	
	590008 Bioloxía e Xeoloxía	1	
	590018 Orientación Educativa	1	
	590053 Lingua e literatura galega	1	
36024720. EPAPU Nelson Mandela. A Lama	590005 Xeografía e historia	1	Engadida ao comezo da mesa
	590053 Lingua e literatura galega	1	

25n Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres



**ÓLLATE NO ESPELLO
ROMPE CO
MACHISMO**



25 de novembro
Día Internacional
para a eliminación
da violencia
contra as mulleres

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal